

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Integrados de Formación Profesional**

## Modelo programación probas libres

# Programación de módulo

**Módulo:** Técnicas básicas de enfermería

**Profesor/a:**

**Curso:** 2023 - 2024

**CIFP:** Ánxel Casal Monte Alto

## 1 Identificación da programación

### 1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	CIFP ANXEL CASAL MONTE ALTO	A CORUÑA	2023-24

### 1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	Medio	Ordinario

### 1.3 Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CM0310	Técnicas básicas de enfermaría	320

### 1.4 Profesorado responsable

<b>Elaboración</b>	Diego Abeijón Martínez, M <sup>a</sup> Alba Irimia Palmeiro e José Raúl Rubín Paz
<b>Impartición</b>	Diego Abeijón Martínez, M <sup>a</sup> Alba Irimia Palmeiro e José Raúl Rubín Paz

## 2 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1 Primeira parte da proba

#### 2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo*
<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecer a organización xeral do organismo, clasificar os sistemas e aparellos.</li> <li>Identificar, localizar e redactar mensaxes de localización de signos e lesións facendo referencias anatómicas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar as características anatomofisiolóxicas da pel, para identificar precozmente as lesións que podan comprometer ao paciente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar as características anatomofisiolóxicas e principais patoloxías do sistema esquelético-muscular.</li> <li>Prepara-lo paciente para o seu traslado e asegurar que se cumpran as debidas condicións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicar medidas preventivas para evitar a aparición das úlceras por presión e unha vez establecidas, recoñecer o estadio e os coidados a aplicar.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer os principios anatomofisiolóxicos do aparello cardiovascular.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica cada un dos órganos do aparello respiratorio e explica a súa fisioloxía.</li> <li>Identifica os signos e síntomas máis frecuentes do aparello respiratorio</li> <li>Describe os obxectivos da fisioterapia respiratoria</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar os caracteres sexuais e a súa regulación.</li> <li>Aplicar tarefas características do auxiliar durante o embarazo e o parto</li> <li>Enumerar e recoñecer as patoloxías máis frecuentes</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar correctamente as tarefas de: administración de biberón, aseo, coidados do recentemente nado, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer os recursos socio-sanitarios e valorar a importancia das actividades de promoción da saúde</li> <li>Realizar os coidados postmortem seguindo os protocolos establecidos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Executar as operacións necesarias para facilita-la correcta exploración e observación do paciente/cliente.</li> <li>Coñecer as características do proceso preparatorio e o papel do TCAE</li> <li>Identificar as fases da cirurxía</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar a preparación e administración de medicamentos por vía oral, rectal e tópica.</li> <li>Coñecer os protocolos e indicacións de actuación dos tratamentos locais de termoterapia, crioterapia e hidroloxía médica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Colaborar e/ou aplicar técnicas de prevención de accidentes e primeiros auxilios, seguindo os protocolos e pautas de actuación establecidos.</li> </ul>

\* No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

### 2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
<p><b>Ao tratase esta dunha programación do módulo dun ciclo que non está regulado pola Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, senón dunha titulación LOXSE, nesta primeira parte da proba avaliarase se os aspirantes demostran coñecementos teóricos relacionados cos contidos conceptuais do currículo establecidos como mínimos esixibles, que son:</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Redactar adecuadamente mensaxes de localización anatómica segundo os termos de posición, localización e planos corporais</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as características anatomofisiolóxicas da pel, e saber identificar precozmente as lesións que podan comprometer ao paciente.</li> <li>Coñecer os produtos, materiais e utensilios de uso común nas distintas técnicas de hixiene persoal</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as características anatomofisiolóxicas do sistema esquelético-muscular.</li> <li>Coñecer as principais posicións corporais que adopta o paciente e as súas indicacións.</li> <li>Explicouse a técnica idónea de traslado e/ou mobilización dun paciente/cliente en función do estado e condicións do mesmo, explicando os criterios aplicados para a súa adaptación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicáronse os mecanismos de produción das UPP e os lugares anatómicos de aparición mais frecuente.</li> <li>Explicáronse as principais medidas preventivas para evitar a aparición de UPP e sinalar os produtos sanitarios para o seu tratamento e/ou prevención.</li> <li>Descríbóronse os criterios que permitan detectar signos de cambios na pel das persoas encamadas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Descríbiuse a anatomía e fisioloxía cardíaca en termos precisos.</li> <li>Identificouse a patoloxía mais importante relacionada con aparello circulatorio.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Selecciona e prepara o material necesario para a exploración e a observación en función das características do paciente e da técnica exploratoria prevista.</li> <li>Aplica e/ou describe a técnica de toma de constantes vitais utilizando o material adecuado, en función das características do paciente.</li> <li>Rexistráronse na gráfica de control os datos obtidos na medida de constantes vitais e o balance hídrico.</li> <li>Coñece e/ou realiza a recollida e medida de excrecións foi realizada, utilizando o material adecuado, en función do sexo e das características físicas do paciente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as características anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio e as principais patoloxías.</li> <li>Identifica o material necesario para a oxigenoterapia e as súas indicacións segundo as necesidades concretas do paciente.</li> <li>Coñece o procedemento de coidado do paciente traqueotomizado.</li> <li>Descrición ou/e realización das distintas técnicas de fisioterapia respiratoria.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as características anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo e as principais patoloxías.</li> <li>Coñece o procedemento de coidado do paciente ostomizado.</li> <li>Identifica os materiais necesarios para a realización do sondaxe rectal e nasogástrico.</li> <li>Describe e/ou coloca o paciente na posición corporal indicada para os procedementos de sondaxe rectal e nasogástrico.</li> <li>Describe e/ou efectúa a administración de comidas en distintos tipos de pacientes.</li> <li>Describe as características nutritivas dos distintos tipos de dietas: normal e especiais (branda, astrinxente, líquida, de exención ou absoluta, hipo e hipercalórica).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar e describir cada un dos órganos que compoñen o aparello urinario.</li> <li>Descríbir a fisioloxía do aparello urinario</li> <li>Descríbir os síntomas máis característicos da patoloxía mais común do aparello urinario</li> </ul>

- Identificar os distintos tipos de sonda e saber aplicalos procedementos adecuados ao paciente sondado
- 
- Describir os cambios que se producen durante o embarazo
  - Identificar e localizar cada un de órganos que conforman o aparello xenital masculino e feminino.
  - Describir as fases do ciclo sexual feminino e a fisioloxía do aparato sexual masculino
  - Aplica técnicas de lactación, situando á nai na postura anatómica máis cómoda en función da técnica.
- 
- Describir as características do recentemente nado para valorar o seu grao de normalidade.
  - Enumerar os cuidados iniciais que hai que dispensar ao recen nado e, logo, na sala de niños.
  - Identificar e seleccionar o material necesario e específico para cada unha das medicións dos parámetros antropométricos.
  - Describe o procedemento de hixiene e aseo do recentemente nado
  - Describe as pautas a ter en conta para a realización da cura do cordón umbilical.
- 
- Identificación do envellecemento persoal e social, así como dos factores que os determinan.
  - Descrición das modificacións morfolóxicas, funcionais, senso perceptivas e psicolóxicas.
  - Clasificación das principais patoloxías.
  - Recoñecer a enfermidade terminal e prestar cuidados paliativos.
  - Prestar cuidados do paciente terminal
  - Coñecer cuidado na doazón de órganos
  - Describe o procedemento de amortecemento do cadáver.
- 
- Explicar propiedades e as indicacións das posicións anatómicas de uso máis normalizadas para a observación e/ou exploración de pacientes/clientes, en función do estado e condicións do mesmo
  - Explicar, e no seu caso, realizar a preparación dos materiais utilizados nas distintas técnicas de exploración médica
  - Describir os medios materiais necesarios que hai que preparar para unha exploración médica, tendo en conta a posición anatómica na que esta se efectúa
  - Identificar as fases da asistencia perioperatoria e das actuacións do auxiliar de enfermaría en cada unha.
  - Relacionou os cuidados postoperatorios de enfermaría e seleccionar os que sexan tarefa do auxiliar de enfermaría.
  - Identificou as drenaxes máis frecuentes.
  - Describiu a composición do carro de curas, así como a súa reposición e limpeza
  - Seleccionar e aplicar os cuidados das feridas.
- 
- Describir as características anatomofisiolóxicas das vías máis frecuentes de administración de fármacos
  - Explicar as características dos materiais necesarios para a administración de medicación polas distintas vías
  - Realizar os cálculo da dose a administrar dun medicamento.
  - Explicar os procedementos de aplicación de técnicas de aerosolterapia, así como os materiais necesarios para a súa correcta aplicación
  - Describir os principais riscos asociados á administración de medicamentos, en función do tipo de fármaco e da vía de administración
  - Describir as accións terapéuticas do frío e da calor sobre o organismo humano, explicando as súas indicacións
  - Explicar as aplicacións terapéuticas das técnicas hidrotermais, relacionando as características das augas mineiro-medicinais coas súas posibles indicacións
- 
- Explicar os signos e síntomas máis comúns que producen os traumatismos: fracturas, escordaduras e luxacións, determinando as manobras de inmovilización oportunas.
  - Describir e por a punto o material necesario para realizar vendaxes e colocar/aplicar férulas.
  - Explicar os contidos e secuencias de aplicación das técnicas de reanimación cardiopulmonar.
  - Explicar os distintos tipos de queimaduras en función da súa extensión e profundidade, describindo as medidas de asistencia sanitaria de urxencia máis adecuadas para cada unha delas.
  - Explicar os distintos tipos de feridas e clases de hemorraxias, describindo as manobras de actuación inmediata en función do tipo e situación das mesmas.
  - Describir o contido mínimo e as súas indicacións dos elementos que debe conter xeralmente a botica de primeiros auxilios.
  - Diferenciar as principais clases de intoxicacións polos seus síntomas máis representativos, enumerando as vías de administración e métodos de eliminación.
  - Describir o contido mínimo e as súas indicacións dos elementos que debe conter xeralmente a botica de primeiros auxilios.
  - Diferenciar as principais clases de intoxicacións polos seus síntomas máis representativos, enumerando as vías de administración e métodos de eliminación.

## 2.2 Segunda parte da proba

### 2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo*
<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar a hixiene dos pacientes en función das súas necesidades e do plan de coidados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mobiliza-lo paciente dentro do seu medio tendo en conta o seu estado e posición anatómica recomendada.</li> <li>Axudar á deambulación do paciente, asegurando que se cumpran as indicacións específicas do responsable do plano de coidados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Executa as operacións necesarias para facilita-la correcta exploración e observación do paciente/cliente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Executa as técnicas de oxigenoterapia e ventiloterapia</li> <li>Realiza a aspiración de secrecións e os coidados do paciente traqueotomizado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza a preparación do material para os diferentes tipos de sondaxe para a nutrición.</li> <li>Realización do sondaxe rectal e administración dun enema de limpeza</li> <li>Realiza-la preparación e administración de alimentación por vía enteral</li> <li>Realizar os coidados do estoma e o cambio de bolsa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece o procedemento e o material necesario para realizar unha sondaxe vesical e realiza os coidados.</li> <li>Realiza a recollida e medida de excretas realizouse utilizando o material adecuado, en función das características físicas do paciente e do sexo.</li> <li>Aplicar técnicas de recollida de mostras de oríños dependendo do sexo e das características do paciente</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar os coidados do recentemente nado, a hixiene e a toma das medidas antropométricas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Colaborar e/ou aplicar técnicas de prevención de accidentes e primeiros auxilios, seguindo os protocolos e pautas de actuación establecidos.</li> </ul>

\* No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

### 2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
<p><b>Ao tratase esta dunha programación do módulo dun ciclo que non está regulado pola Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, senón dunha titulación LOXSE, nesta segunda parte da proba avaliarase se os aspirantes demostran coñecementos prácticos relacionados cos contidos procedimentais do currículo establecidos como mínimos esixibles, que son:</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Prestar os coidados hixiénicos requiridos por un paciente/cliente, explicando os criterios de selección das técnicas en función do seu estado e necesidades.</li> <li>Rexistrar no soporte adecuado as incidencias acaecidas durante a execución das técnicas</li> <li>Efectuar a recollida de excretas coa utilización de cuña e/ou botella</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar as manobras de mobilización e deambulación do paciente, asegurando que se cumpran as indicacións específicas. <ul style="list-style-type: none"> <li>Selecciona os medios materiais e produtos que se van a utilizar</li> <li>Informa ao paciente/cliente sobre a técnica que lla vai a realizar e a súa participación sobre a mesma.</li> <li>Efectúa manobras de: incorporación, achegamento ao bordo a de cama, colocación en decúbito lateral e outras posicións anatómicas.</li> <li>Efectúa traslados en cadeira de rodas, de cama a padiola e viceversa (con saba de arrastre e varios asistentes) e de cadeira a cama.</li> <li>Comunicaas e/ou rexistra as incidencias de forma correcta.</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Selecciona e prepara o material necesario para a exploración e a observación en función das características do paciente e da técnica exploratoria prevista.</li> <li>Aplica e/ou describe a técnica de toma de constantes vitais utilizando o material adecuado, en función das características do paciente.</li> <li>Rexistrar e interpretar na gráfica de control os datos obtidos na medida de constantes vitais e o balance hídrico.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Selecciona o material necesario para a oxigenoterapia e preparouse segundo as necesidades concretas do paciente.</li> <li>Realizar o procedemento de coidado do paciente traqueotomizado e descrición ou realizouse segundo o protocolo.</li> <li>Realización das distintas técnicas de fisioterapia respiratoria en función das características do paciente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar os materiais necesarios para a realización do sondaxe rectal e nasogástrico.</li> <li>Coloca o paciente na posición corporal indicada para os procedementos de sondaxe rectal e nasogástrico.</li> <li>Efectúa a alimentación dun "paciente" a través dunha sonda nasogástrica, en pacientes sondados previamente, utilizando os medios e ritmos adecuados e seguindo o protocolo establecido para cada paciente</li> <li>Realizar os coidados do estoma e o cambio de bolsa</li> </ul>

- Coñece o procedemento e o material necesario para realizar unha sondaxe vesical e a recollida de mostrás.
  - Coñece e/ou realiza a recollida e medida de excretas realizouse utilizando o material adecuado, en función das características físicas do paciente e do sexo.
  - Realiza os coidados específicos de pacientes portadores de sonda vesical.
- 
- Coñece e aplica os coidados do recentemente nado, a hixiene e a toma das medidas antropométricas.
  - Aplicar técnicas de lactación, situando á nai na postura anatómica máis cómoda en función da técnica
- 
- Efectuar vendaxes e colocar férulas simples.
  - Efectuar manobras básicas de RCP e de OVACE
  - Efectuar manobras de inmovilización de fracturas de diversa localización (columna vertebral, membro superior, membro inferior e politraumatizado).
  - Efectuar manobras de inhibición de hemorraxia.

### 3 Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- **MÍNIMOS ESIXIBLES**  
Todos os criterios de avaliación recollidos no punto 2 desta programación.
- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**  
1ª parte da proba: Terá carácter eliminatorio.  
Esta parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos.  
Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos  
2ª parte da proba: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio. Esta parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.  
A cualificación final correspondente da proba do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada numericamente, entre 1 e 10, sen decimais. No redondeo das cualificacións aplicarase a seguinte norma: se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondease á baixa. E no caso de que o primeiro decimal sexa superior a 5, a nota sería redondeada á alza.  
No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.  
No caso de que a comisión de avaliación exclúa de calquera parte da proba do módulo a algún aspirante por levar a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas, esa parte da proba será cualificada con cero.

### 4 Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

#### 4.1 Primeira parte da proba

Unha proba escrita, que pode conter preguntas tipo test, curtas, de desenrolo e/ou láminas mudas que versará sobre todos os contidos conceptuais impartidos neste módulo ó longo do curso.

A primeira parte da proba consistirá nun exame, que poderá ter preguntas de desenvolver, preguntas tipo test con preguntas de carácter obxectivo, con varias opcións de resposta, sendo só unha delas correcta. Estas preguntas versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Para superar a proba será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. Terá carácter eliminatorio. Non se fará media entre a 1ª parte da proba e a 2ª para da proba. A duración desta parte será de 90 minutos.

Os instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento serán: bolígrafo azul ou negro. Non se admite a utilización de Tippex. Non está permitido o acceso á proba con teléfono móbil ou calquera dispositivo informativo similar. A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou Pasaporte.

Tal e como establece o artigo 13.4 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para obtención de títulos de técnico e de técnico superior en ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación. Os membros da comisión de avaliación poden excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso o profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

As probas terán sempre un carácter presencial agás que a situación sanitaria non o permita, atendendo sempre aos protocolos establecidos pola administración. Dado este caso seguiranse as directrices que as autoridades educativas competentes determinen, realizaranse as probas a través dos medios que a Consellería de Educación poña a disposición. Neste caso se axustará o formato e a duración das probas podendo modificar o recollido anteriormente neste apartado.

## 4.2 Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte da proba.

Para superar a proba será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. Terá carácter eliminatorio. Non se fará media entre a 1ª parte da proba e a 2ª parte da proba.

As persoas aspirantes que sexan citadas para a realización da 2ª parte da proba han de ter en conta:

- Será necesaria a identificación mediante DNI, NIE ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado mentres se realiza o exercicio.
- Non está permitido o acceso á proba con teléfono móbil ou calquera dispositivo informático similar.
- No caso de que a persoa aspirante non estea presente á hora fixada de citación decaerá no seu dereito de realizar o exercicio que corresponde a esta 2ª parte da proba.
- Se lle indicará antes do comezo, do tempo do que dispón para a preparación e realización da proba.
- Deberá traer roupa cómoda para a realización dos supostos prácticos.

Tal e como establece o artigo 13.4 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para obtención de títulos de técnico e de técnico superior en ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación. Os membros da comisión de avaliación poden excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso o profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

A proba práctica pode ser gravada como proba da cualificación, segundo a lexislación vixente.